

PROXECTO CURRICULAR

ESO

IES “Francisco Aguiar” de Betanzos

Decembro 2000

ÍNDICE

1. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO	2
2. DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS COMÚNS, MATERIAS OPTATIVAS E PERÍODOS LECTIVOS NO 1º CICLO DA ESO	3
3. MATERIAS COMÚNS, MATERIAS OPTATIVAS E PERÍODOS LECTIVOS EN 3º DE ESO	4
4. MATERIAS COMÚNS, ITINERARIOS E PERÍODOS LECTIVOS EN 4º DE ESO	5
5. ÁMBITOS, MATERIAS E PERÍODOS LECTIVOS NO 1º CURSO DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DUN PROGRAMA DE 2 ANOS DE DURACIÓN	6
6. ÁMBITOS, MATERIAS E PERÍODOS LECTIVOS NO 2º CURSO DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DUN PROGRAMA DE 2 ANOS DE DURACIÓN	6
7. MATERIAS OPTATIVAS NOS CICLOS DA ESO: ASIGNACIÓN ÓS DEPARTAMENTOS	7
8. CRITERIOS DE PROMOCIÓN/TITULACIÓN NA ESO	8
9. CRITERIOS E PERFILES DOS PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR	10
10. ADAPTACIÓNS CURRICULARES	11
11. ÁREAS/MATERIAS	
CIENCIAS MEDIOAMBIENTAIS E DA SAÚDE – 2º CICLO DA ESO	12
ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA	
CIENCIAS DA NATUREZA	13
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA – 4º ESO	17
FÍSICA E QUÍMICA	18
CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA	19
CULTURA CLÁSICA	24
EDUCACIÓN FÍSICA	25
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL	27
FOGAR	30
FRANCÉS	32
INGLÉS	33
INICIACIÓN Á ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA	43
LINGUA E LITERATURA CASTELÁ	44
LINGUA E LITERATURA GALEGA	46
MATEMÁTICAS	59
MÚSICA	65
OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN ORAL	69
RELIXIÓN E MORAL CATÓLICAS	70
TÉCNICAS DE EXPRESIÓN ESCRITA	71
TECNOLOXÍA	72
12. MATERIAIS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA ESO	77
REXISTRO ACUMULATIVO DE CUALIFICACIÓNS	
INFORME INDIVIDUALIZADO DE AVALIACIÓN	

1. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

- a) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e, polo menos, nunha lingua estranxeira; utilizándoas para comunicarse e organiza-los propios pensamentos e para reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe.
- b) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquece-las súas posibilidades de comunicación e reflexionar sobre os procesos implicados no seu uso.
- c) Obter e seleccionar información utilizando as fontes nas que habitualmente se atopa dispoñible, tratala de forma autónoma e crítica, cunha finalidade previamente establecida, e transmitila ós demais de maneira organizada e intelixible.
- d) Elaborar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándose reflexionando sobre o proceso seguido.
- e) Formarse unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades e desenvolver actividades de forma autónoma e equilibrada, valorando o esforzo e a superación das dificultades.
- f) Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ó sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- g) Analiza-los mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos ós dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais e actuar con autonomía e iniciativa na vida activa e adulta.
- h) Coñece-las crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valoralos criticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral com o persoas.
- i) Analiza-los mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valora-las repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuir activamente a súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
- l) Coñecer e valora-lo desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no seu medio físico e social.
- m) Coñecer e aprecia-lo patrimonio natural e cultural e contribuir activamente á súa conservación e mellora, entende-la diversidade lingüística e cultural como o un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto de cara ó exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e comprende-los aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e decisións persoais, e valora-los beneficios que supoñen os hábitos do exercicio físico, da hixiene e dunha alimentación equilibrada, así como o de levar unha vida saá.

2. DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS COMÚNS, MATERIAS OPTATIVAS E PERÍODOS LECTIVOS NO 1º CICLO DA ESO

	MATERIA	1º ESO	2º ESO
	Ciencias da natureza	3	3
	Ciencias sociais, xeografía e historia	3	3
	Educación Física	2	2
COMÚNS	Educación plástica e visual	3	–
	Lingua castelá e literatura	4	2
	Lingua estranxeira (Inglés – Francés)	3	3
	Lingua galega e literatura	4	2
	Matemáticas	3	3
	Música	–	3
	Relixión – Alternativa	2	2
	Tecnoloxía	–	4
	Titoría	1	1
OPTATIVAS Escoller unha, con preferencia o 2º Idioma Francés	2º Idioma Francés	2	2
	Obradoiro de Comunicación Oral		
	Obradoiro de Matemáticas		

3. MATERIAS COMÚNS, MATERIAS OPTATIVAS E PERÍODOS LECTIVOS EN 3º DE ESO

	MATERIA	3º ESO
	Ciencias da natureza	3
	Ciencias sociais, xeografía e historia	3
	Educación Física	2
	Educación plástica e visual	2
COMÚNS	Lingua castelá e literatura	3
	Lingua estranxeira (Inglés – Francés)	3
	Lingua galega e literatura	3
	Matemáticas	3
	Música	2
	Relixión – Alternativa	2
	Tecnoloxía	3
	Titoría	1
	2º idioma Francés	2
	Ciencias medioambientais *	
	Cultura clásica	
OPTATIVAS	Fogar *	
Escolle unha	Iniciación profesional á electricidade e electrónica *	
	Técnicas de expresión escrita *	

NOTA 1: As materias marcadas con * non se poden cursar en 3º e 4º de ESO.

NOTA 2: A materia de *Ciencias da natureza* está dividida por cuatrimestres en *Bioloxía e xeoloxía* e *Física e química*, impartidas polo profesorado do Departamento correspondente, aínda que con avaliación final única.

4. MATERIAS COMÚNS, ITINERARIOS E PERÍODOS LECTIVOS EN 4º DE ESO

MATERIAS		HORAS
	Ciencias sociais, xeografía e historia	4
	Educación física	2
COMÚNS	Lingua castelá e literatura	3
	Lingua estranxeira (Inglés – Francés)	3
	Lingua galega e literatura	3
	Matemáticas	3
	Relixión – Alternativa	1
	Titoría	1
ITINERARIO	OBRIGATORIAS (3 h cada unha)	OPTATIVAS: escoller unha (3 h cada unha)
A	Biloxía e xeoloxía Educación plástica e visual Física e química	2º idioma Francés Iniciac. profe. á electricidade e á electrónica* Fogar* Ciencias medioambientais* Técnicas de expresión escrita* Música
	Biloxía e xeoloxía Física e química Tecnoloxía	2º idioma Francés Iniciac. profe. á electricidade e á electrónica* Fogar* Ciencias medioambientais* Técnicas de expresión escrita* Educación plástica e visual
C	Cultura clásica Educación plástica e visual Música	2º idioma Francés Fogar* Ciencias medioambientais* Técnicas de expresión escrita*
D	Educación plástica e visual Música Técnicas de expresión escrita*	2º idioma Francés Fogar* Ciencias medioambientais* Cultura clásica

* Materias que non se poden repetir en 3º e 4º de ESO.

5. ÁMBITOS, MATERIAS E PERÍODOS LECTIVOS NO 1º CURSO DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DUN PROGRAMA DE 2 ANOS DE DURACIÓN

	MATERIA	PERÍODOS
ESPECÍFICAS	Ámbito científico	7
	Ámbito lingüístico e social	10
	Área de lingua estranxeira	2
	Iniciación profesional á electricidade e á electrónica	3
CO GRUPO/S DE REFERENCIA	Educación física	2
	Educación plástica e visual	2
	Relixión – Alternativa	2
	Tecnoloxía	3
	Titoría	1

6. ÁMBITOS, MATERIAS E PERÍODOS LECTIVOS NO 2º CURSO DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DUN PROGRAMA DE 2 ANOS DE DURACIÓN

	MATERIA	PERÍODOS
ESPECÍFICAS	Ámbito científico	7
	Ámbito lingüístico e social	10
	Área de lingua estranxeira	2
CO GRUPO/S DE REFERENCIA	Educación física	2
	Música	3
	Optativa	3
	Relixión – Alternativa	2
	Tecnoloxía	3
	Titoría	1

7. MATERIAS OPTATIVAS NOS CICLOS DA ESO: ASIGNACIÓN ÓS DEPARTAMENTOS

OPTATIVA	CICLOS DA ESO NOS QUE SE IMPARTE	DEPARTAMENTO
2º idioma Francés	1º, 2º	Francés
Ciencias medioambientais	2º	Ciencias Naturais
Cultura clásica	2º	Grego Latín
Fogar	2º	Profesora de Fogar
Iniciación profesional á electricidade e electrónica	2º	Física e Química
Obradoiro de comunicación oral	1º	Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura
Obradoiro de matemáticas	1º	Matemáticas
Técnicas de expresión escrita	2º	Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura

8. CRITERIOS DE PROMOCIÓN/TITULACIÓN NA ESO

Unha das decisións máis importantes que a LOXSE, e o deseño curricular que dela se deriva, deixa en mans dos equipos docentes dos diferentes centros educativos é o establecemento dos criterios que regularán a concesión do título correspondente ó remate desta etapa educativa.

A lexislación relativa ó proceso de avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria establece que os órganos competentes para decidir sobre a promoción/titulación dos alumnos/as desta etapa son as Xuntas de Avaliación dos diferentes grupos, que deberán aterse en todo caso ós criterios fixados polo Claustro de Profesores no Proxecto Curricular de Centro. Cómpre, pois, establecer uns criterios que, garantindo por unha parte a necesaria homoxeneidade e coherencia nas decisións das diferentes Xuntas de Avaliación, concedan por outra ás mesmas unha certa autonomía para poder tomar ditas decisións baseándose nas apreciacións dos seus compoñentes acerca dos progresos acadados polos alumnos/as das súas posibilidades para continuar estudos posteriores.

Por outra parte, da análise detallada da lexislación relativa ó proceso de avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria dedúcese que o principal referente de que dispoñen as Xuntas de Avaliación á hora de decidila promoción/titulación dos alumnos/as son os obxectivos xerais de etapa e os obxectivos xerais das distintas áreas do currículo. Existe unha clara relación xerárquica entre ámbolos dous tipos de obxectivos, xa que, no proceso de elaboración do currículo, os obxectivos de área fórmulanse de xeito que contribúan á consecución dos obxectivos de etapa.

Así, partindo dos principios previamente enunciados, fórmulanse os seguintes criterios, que se utilizarán para decidir tanto sobre a promoción de ciclo ou curso como sobre a obtención do título de graduado ó remate da etapa:

- 1.- O grao de consecución dos obxectivos de etapa determinarase en función da consecución dos obxectivos das distintas áreas do currículo.
- 2.- Á hora de pronunciarse sobre se procede ou non procede a promoción/titulación dun alumno/a os profesores/as terán en conta as súas posibilidades para proseguir estudos posteriores, así como as limitacións legais ás posibilidades de repetición de curso ó longo da etapa.
- 3.- A promoción/titulación dos alumnos/as será automática no caso de obter cualificación positiva en tódalas áreas e/ou materias do curso correspondente.
- 4.- Os alumnos/as con cualificación negativa nunha área ou materia promocionarán/titularanse se a Xunta de Avaliación así o acorda por maioría.
- 5.- Os alumnos/as con cualificación negativa en dúas áreas ou materias promocionarán/titularanse se a Xunta de Avaliación así o acorda por maioría de dous tercios dos seus membros.
- 6.- Os alumnos/as con cualificación negativa en tres áreas ou materias promocionarán/titularanse se a Xunta de Avaliación así o acorda por unanimidade.
- 7.- Os alumnos/as con cualificación negativa en catro ou máis áreas ou materias non promocionarán nen, no seu caso, obterán o título de graduado en E.S.O..
- 8.- A efectos de determina-las maiorías ás que fai referencia o punto 5, no caso de que a cifra resultante de aplica-la proporción establecida non sexa exacta, redondearase ó número enteiro inmediatamente superior (de 12 profesores, 8; de 11, 8; de 10, 7; de 9, 6; de 8, 6).
- 9.- Na decisión de promoción/titulación non participarán aqueles profesores/as de áreas/materias optativas que non impartan clase ó alumno/a obxecto da decisión. Tampouco se computarán estes profesores/as á hora de determina-las maiorías ás que fan referencia os puntos anteriores.
- 10.- Os membros das Xuntas de Avaliación non poderán absterse na toma de decisións, debendo pronunciarse con claridade sobre se procede ou non procede a promoción/titulación do alumno/a correspondente.
- 11.- Ós efectos de decidir sobre a promoción ou titulación dos alumnos/as, tanto as votacións coma as deliberacións previas terán carácter secreto.
- 12.- A decisión de que un alumno/a repita por segunda vez na etapa será tomada de xeito excepcional pola Xunta de Avaliación despois de considerar que con esta medida o alumno/a ten posibilidades de obtelo título de graduado en educación secundaria e unha vez realizado polo titor/a o trámite de audiencia previa ó alumno/a e ós seus pais, trámite do que informará á Xunta de Avaliación.

O seguinte cadro reflicte de xeito sintético os anteriores criterios:

CRITERIOS DE PROMOCIÓN/TITULACIÓN NA ESO	
Nº CUALIFICACIÓNS NEGATIVAS	PROMOCIÓN E TITULACIÓN
0	SI
1	Promociona/títulase se a Xunta de Avaliación o acorda por maioría
2	Promociona/títulase se a Xunta de Avaliación o acorda por maioría de dous tercios dos seus membros.
3	Promociona/títulase se a Xunta de avaliación o acorda por unanimidade.
≥ 4	NON

9. CRITERIOS E PERFILES DOS PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

Ademais da Educación Secundaria Obrigatoria propiamente dita, o centro imparte Programas de Diversificación Curricular co obxecto de que aqueles alumnos/as que teñan amosado dificultades de aprendizaxe, e que se axusten a un determinado perfil, poidan obtelo título de graduado nesta etapa. Dadas as particularidades que presentan estes programas, faise necesario adapta-los precedentes criterios de promoción/titulación para que poidan ser de aplicación nos mesmos.

Os criterios a aplicar nos Programas de Diversificación Curricular serán os seguintes:

- 1.- Considerarase que os programas de dous anos de duración teñen estrutura de ciclo (similar á do 1º ciclo da ESO), polo que non será necesario adoptar ningunha decisión sobre a promoción dos alumnos/as entre o 1º e o 2º ano. Esta consideración resulta irrelevante no caso dos programas dun ano de duración.
- 2.- Ó remate do programa, a correspondente xunta de avaliación deberá decidir se se propón ou non ós distintos alumnos/as que o cursaron para a obtención do título de graduado.
- 3.- Para adoptar esta decisión aplicaranse os mesmos criterios establecidos para a ESO, coa salvedade de que as áreas nas que os alumnos/as obteñan cualificación negativa non poderán ser en ningún caso aquelas que representan un maior peso específico na estrutura horaria do programa, é dicir, a área lingüístico-social e a área científico-matemática.
- 4.- Os alumnos/as que cursen un Programa de Diversificación Curricular non poderán repetir curso nin permanecer un ano máis no programa ó remate deste.
- 5.- Aqueles alumnos/as que estean a cursar un Programa de Diversificación Curricular de dous anos de duración, e que ó remata-lo primeiro ano deixen, a xuízo da Xunta de Avaliación, de axustarse ó perfil establecido para estes alumnos, deberán abandona-lo programa. Neste caso a Xunta de Avaliación formulará a correspondente proposta de incorporación a un Programa de Garantía Social.

Perfil do alumnado de Programas de Diversificación Curricular

1. Ter 16 anos ou máis ou cumprilos no ano natural que se incorporen ó programa.
2. Presentar en cursos anteriores dificultades xeralizadas de aprendizaxe que lle impedisen acadar os obxectivos previstos para o ciclo ou curso.
3. Que recibise medidas complementarias de adaptación do currículo (reforzos educativos, ...).
4. Que se teñan expectativas razoables de lograr os obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria no caso de seguir estes programas, pero moi poucas de non facelo.
5. Que mostre certo interese polo estudo, comportamento adecuado e desexos de obtelo título de Graduado en Educación Secundaria.

10. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

As adaptación curriculares para o curso teñen que estar rematadas en decembro. As medidas de atención a alumnos con problemas tomadas a partires de xaneiro, xa incidirían no curso seguinte.

CLASES DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Condicións de acceso

- a. Accederán directamente, dende o comezo do curso, aqueles alumnos que tiveran unha adaptación curricular aprobada ou en curso.
- b. Accederán a través dun informe do Departamento de Orientación, aqueles alumnos que téndolles sido aplicado na aula un reforzo, non se obtiveran os resultados esperados.

Requisitos para solicitar dito informe

Exposición por escrito, por parte do profesor que imparte dito reforzo, do que pretendía obter (obxectivo), as medidas aplicadas (procedemento) e metodoloxía usada. Engadíndolle o que, ao seu parecer, serían as causas do fracaso.

Obxecto das clases

Nesta aula de apoio as asignaturas que poderían ser obxecto de reforzo serían as instrumentais: as linguas e matemáticas.

Permanencia do alumnado

Na aula de P.T. poderían permanecer, con reforzo puntual, un máximo dun mes, rematado este tempo ou ben reingresa co seu grupo, ou ben, de non acadalo éxito, para volver á aula de apoio, necesitaría unha adaptación curricular.

11. ÁREAS / MATERIAS

CIENCIAS MEDIOAMBIENTAIS E DA SAÚDE – 2º CICLO DA ESO

A presenza da materia optativa de Ciencias Medioambientais e da Saúde no segundo ciclo da ESO e de acordo cos obxectivos xerais de etapa, contribuirá ó coñecemento e á comprensión, por parte d@s alumn@s, de aspectos básicos do funcionamento do seu corpo e das consecuencias que para a saúde individual e colectiva teñen os actos e decisións persoais, como das relacións entre os diversos compoñentes do medio natural e das repercusións das actividades humanas sobre el; e igualmente facilitará a valoración do desenvolvemento científico e tecnolóxico e das implicacións e incidencias no medio físico e social.

Obxectivos xerais:

A ensinanza das Ciencias Medioambientais e da Saúde na ESO terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumno as capacidades seguintes:

- Utiliza-los coñecementos nutricionais necesarios para desenvolver hábitos alimenticios saudables.
- Coñece-la importancia da enerxía fundamental da humanidade e do uso racional dela.
- Actuar como consumidores críticos.
- Coñece-las distintas dimensións da sexualidade como fundamento para unha vivencia responsable dela.
- Comprende-las consecuencias negativas que sobre a saúde e a sociedade teñen as drogodependencias.
- Valora-los problemas medioambientais como fenómenos complexos e globais dos que todos somos responsables.
- Coñece-la existencia das leis que regulan as actuacións humanas respecto ó consumo e á saúde e das que protexen o medio ambiente.
- Valora-lo traballo en equipo como unha forma máis eficaz de acometer problemas complexos e como unha forma de aprendizaxe de estratexias para actuar como cidadáns responsables.
- Asumir posturas respectuosas co contorno e participar activamente en tarefas de protección e mellora do medio ambiente.

Contidos.

1. Os ecosistemas.
2. Recursos e consumo
3. A contaminación
4. Os residuos sólidos urbanos
5. Alimentación e nutrición
6. A sexualidade
7. Drogodependencia

Procedementos.

Levaranse a cabo en cada unidade traballos prácticos:

1. Utilización de xornais, revistas, anuarios, libros científicos, etc.
2. Realizaranse experimentos axeitados á temática tratada.
3. Analizaranse as cuestións ecolóxicas que se atopan no medio próximo.
4. Identificaranse, a través de distintas actividades, situacións de discriminación sexual.
5. Investigación, identificación e debates sobre condutas de risco de drogadicción.

CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE

OBXECTIVOS XERAIS

1. Comprender e expresar mensaxes científicos utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade, así como outros sistemas de notación e representación cando sexa necesario.
2. Utilizar os conceptos básicos das Ciencias da Natureza para elaborar unha interpretación científica dos principais fenómenos naturais, así como para analizar e valorar algúns desenvolvementos e aplicacións tecnolóxicas de especial relevancia.
3. Aplicar estratexias persoais, coherentes cos procedementos da Ciencia, na resolución de problemas: identificación do problema, formulación de hipóteses, planificación e realización de actividades para contrastalas, sistematización e análise dos resultados e comunicación dos mesmos.
4. Participar na planificación e realización en equipo de actividades científicas, valorando as aportacións propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, mostrando unha actitude flexible e de colaboración e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.
5. Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións científicas e tecnolóxicas básicas da nosa época mediante o contraste e avaliación de informacións obtidas en distintas fontes.
6. Utilizar os seus coñecementos sobre o funcionamento do corpo humano para desenvolver e afianzar hábitos de coidado e saúde corporal que propicien un clima individual e social san e saudable.
7. Usar os seus coñecementos sobre os elementos físicos e os seres vivos para disfrutar do medio natural, así como propor, valorar e, no seu caso, participar en iniciativas encamiñadas a conservalo e melloralo.
8. Recoñecer e valorar as aportacións da Ciencia para a mellora das condicións de existencia dos seres humanos, apreciar a importancia da formación científica, utilizar nas actividades cotiás os valores e actitudes propios do pensamento científico, e adoptar unha actitude crítica e fundamental diante dos grandes problemas que hoxe plantexan as relacións entre Ciencia e Sociedade.
9. Valorar o coñecemento científico como un proceso de construción unido ás características e necesidades da sociedade en cada momento histórico e sometido a evolución e revisión continua.

CIENCIAS DA NATUREZA – 1º ESO

OBJECTIVOS DE CURSO		CONTIDOS			TEMAS TRANSVERSAIS
AVALIA.		Conceptuais	Procedementais	Actitudinais	
1ª Aval.	–Realizar medicións sinxelas (3) –Comprender a materia e as súas propiedades (estados, mezclas e combinacións) (2) –Comprender o significado da reacción química (2)	–A medida –A materia: as súas propiedades –Mesturas e disolucións –Elementos e compostos –Reaccións químicas	–Manexo de instrumentos de medida –Recoñecemento de substancias puras –Preparación de disolucións –Uso de modelos estruturais –Diferenciación entre fenómenos físicos e químicos –Interpretación de fenómenos eléctricos naturais	–Valorar o rigor, pulcritude e interese na realización de actividades –Valorar a importancia da utilización de modelos e teorías no coñecemento científico	–Combustibles: tipos, utilización, aproveitamento e contaminación do medio
2ª Aval. (1ª parte)	–Comprender e explicar fenómenos eléctricos (2)	–Electricidade			
2ª Aval. (2ª parte)	–Recoñecer a través das súas características e propiedades, os minerais e rochas máis representativos (2) –Expresar correctamente, utilizando a terminoloxía adecuada, as características dos minerais e rochas (1)	–Os minerais e as rochas	–Identificación de minerais e rochas polas súas propiedades mediante o uso de claves sinxelas	–Valoración da natureza como fonte de riqueza	–Utilización dos recursos naturais polos países desenrolados en detrimento dos países pobres
3ª Aval.	–Coñecer as características máis importantes dos principais grupos de seres vivos e clasificalos dentro das categorías taxonómicas máis relevantes (7)	–A diversidade dos seres vivos	–Identificación e clasificación de seres vivos coa axuda de claves e guías	–Recoñecemento e valoración do proceso de investigación seguido por Darwin ata chegar á formulación da teoría da evolución	–O perigo de extinción de algunhas especies

CIENCIAS DA NATUREZA – 2º ESO

AVALIA		CONTIDOS		TEMAS TRANSVERSAIS	
OBJECTIVOS DE CURSO		Conceptuais	Procedementais	Actitudinais	
1ª Aval.	–Comprender os movementos, as forzas e a relación entre eles (2) –Comprender o concepto físico de traballo e identificar as distintas formas de enerxía (2) –Comprender os conceptos de calor e temperatura, os efectos do calor sobre os corpos e a medida da temperatura (2,3)	–Estudio do movemento e das forzas –Traballo e enerxía –Calor, temperatura e cambios de estado	–Observación e análise de movementos e forzas –Interpretación de transformacións enerxéticas –Construcción de imaxes en espellos e lentes –Montaxe de circuitos eléctricos –Recollida e tratamento de datos –Técnicas de resolución de problemas	–Suscitar o espírito de observación –Valorar o rigor, pulcritude e interese na realización de actividades –Valorar a importancia da utilización de modelos, teorías, tratamento de datos e resolución de problemas na construción do coñecemento científico	–A atmosfera e calidade de vida
2ª Aval. (1ª parte)	–Explicar os fenómenos básicos da luz (2) –Comprender o mecanismo da corrente eléctrica nos metais, as magnitudes eléctricas implicadas e facer montaxes eléctricas sinxelos (1, 2, 3, 4)	–A luz –Corrente eléctrica			
2ª Aval. (2ª parte)	–Utilizar o coñecemento sobre o funcionamento dos ecosistemas para comprender mellor os problemas de conservación do medio natural (7)	–Os ecosistemas e a súa diversidade	–Deseño e realización de experiencias sinxelas para o coñecemento de espazos naturais	–Valoración da interdependencia dos seres vivos entre si e co medio	–Comprender a necesidade de establecer mecanismos para preservar a estabilidade do hábitat natural das especies
3ª Aval.	–Comprender a natureza dos métodos e técnicas utilizadas para o establecemento do modelo estrutural da Terra e do Sistema Solar (5)	–A Terra no conxunto do Universo, a súa estrutura e composición	–Interpretación de fenómenos naturais relacionados co movemento da Terra e da Lúa, mediante maquetas e debuxos	–Valoración da actitude de perseverancia e risco do traballo dos científicos para explicar interrogantes que se prantexa na Humanidade	

CIENCIAS DA NATUREZA – 3º ESO

AVAL	OBXECTIVOS DE CURSO	CONTIDOS			TEMAS TRANSVERSAIS
		Conceptuais	Procedementais	Actitudinais	
1ª Aval.	–Coñecer a estrutura básica da materia. Interpretar e usar a táboa periódica. Distinguir entre enlace iónico e covalente (1, 2) –Comprender as características das reaccións químicas, a súa representación escrita e facer cálculos (1, 2, 3) –Coñecer a estrutura e propiedades básicas dos compostos do carbono e formular hidrocarburos (1, 2)	–Estructura da materia –Táboa periódica –Enlace químico –Reaccións e ecuacións químicas –Química do carbono	–Utilización de modelos moleculares –Manexo da táboa periódica –Formulación de certos compostos inorgánicos e orgánicos –Preparación de disolucións –Realización de montaxes eléctricas e uso de aparatos de medida –Recollida e tratamento de datos	–Mostrar interese pola evolución dos traballos científicos –Mostrar interese pola correcta utilización da linguaxe química –Valorar o impacto medioambiental das substancias –Respecto polas normas de seguridade e utilización de instalacións eléctricas	–Fenómenos eléctricos e magnéticos e a súa relación coa saúde e medioambiente
2ª Aval. (1ª parte)	–Coñecer e comprender os campos eléctrico e magnético e a súa relación (2, 4)	–Corrente eléctrica –Electromagnetismo	–Recollida e tratamento de datos		
2ª Aval. (2ª parte)	–Valorar as formas de actuación directa e indirecta do ser humano e a sociedade moderna sobre a paisaxe e o chan (8)	–A paisaxe e o chan	–Interpretación de mapas topográficos e de problemas e experiencias sinxelas para identificar os compoñentes do chan	–Comprensión do perigo que supón a desertización no noso país e no resto do mundo	–O impacto ambiental producido nos ríos, terras húmidas e zonas costeiras debido a intervención humana
3ª Aval.	–Identificar a célula como a unidade estrutural dos seres vivos (2) –Comprender o funcionamento do corpo como un proceso coordinado no que interveñen os diferentes órganos (6)	–A célula e os tecidos –As persoas e a saúde	–Técnicas de observación de células e tecidos –Interpretación dunha análise de sangue e de orina –Elaboración de dietas equilibradas	–Valoración da contribución dos coñecementos científicos sobre a célula para o desenvolvemento de ciencias aplicadas –Valoración dos efectos que teñen sobre a saúde os hábitos de alimentación, de hixiene, de consultas preventivas e de coidado persoal	–Interese por informarse sobre cuestións de sexualidade e disposición favorable a acudir na demanda de axuda a profesionais e centros especializados

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA – 4º ESO

AVALIA.	OBXECTIVOS DE CURSO		CONTIDOS			TEMAS TRANSVERSAIS
		Conceptuais	Procedementais	Actitudinais		
1ª Aval.	–Explicar a orixe da Terra e describir os grandes cambios xeolóxicos que se produciron ó longo do tempo. (2) –Interpretar a dinámica global do planeta como o resultado do desprazamento das placas. (5)	–Historia da Terra –Dinámica interna da Terra	–Interpretación dos fenómenos internos da Terra como unha consecuencia do movemento das placas.			
2ª Aval.	–Coñecer as características do fluxo de enerxía que existe entre os diversos niveis tróficos. (7) –Aplicar estratexias persoais na resolución de problemas sobre a herencia dos caracteres utilizando as leis básicas da Xenética. (3)	–Dinámica dos ecosistemas e cambios producidos pola intervención humana. –O ser vivo como sistema. A herdanza biolóxica.	–Resolución de problemas sinxelos sobre a herdanza biolóxica mediante a aplicación dos principios básicos da Xenética.	–Sensibilidade fronte ós problemas medioambientais causados por determinadas actitudes humanas.		–Aceptación das diferencias individuais entre as persoas, causadas, entre outros factores, pola herdanza biolóxica.
3ª Aval.	–Recoñecer a importancia da teoría da evolución para interpretar calquer aspecto relacionado coa vida no noso planeta. (9) –Coñecer algunhas aportacións da biotecnoloxía na mellora das condicións de vida dos seres humanos.	–A evolución biolóxica. –A biotecnoloxía.	–Investigación bibliográfica sobre algunhas aplicacións da Biotecnoloxía.	–Toma de conciencia dalgúns problemas éticos que pode plantexar o desenvolvemento da Biotecnoloxía.		

FÍSICA E QUÍMICA – 4º ESO

AVALIA.	OBXECTIVOS DE CURSO		CONTIDOS		TEMAS TRANSVERSAIS
		Conceptuais	Procedementais	Actitudinais	
1ª Aval.	–Comprender os diferentes tipos de movementos e as súas características. –Interpretar graficamente os diferentes tipos de movementos. –Comprender os conceptos de forza, peso e masa. –Comprender os conceptos de traballo e enerxía e diferenciar e relacionar os distintos tipos de enerxía.	–Cinemática. –Dinámica. –Gravitación. –Transferencia de enerxía: Traballo e Enerxía. Formas de enerxía e intercambio entre elas.	–Realización de experiencias de: cinemática, medidas de forzas, conservación de enerxía, empuje e flotación, fenómenos ópticos e sonoros, neutralización e electrólise. –Recollida e tratamento de datos. –Técnicas de resolución de problemas e uso de unidades.	–Respecto polas normas de convivencia. –Suscitar o espírito de observación. –Valorar o rigor, pulcritude e interese na realización de actividades. –Valorar a importancia da utilización de modelos, teorías, tratamento de datos e resolución de problemas na construción do coñecemento científico. –Toma de conciencia sobre a limitación de recursos enerxéticos.	–As enerxías alternativas.
2ª Aval.	–Analizar as forzas que actúan sobre un corpo somerxido nun fluído en repouso (2). –Comprender a luz e o son como fenómenos ondulatorios (2).	–Estática de fluídos. –As ondas. A luz e o son como movementos ondulatorios.			
3ª Aval.	–Coñecer o concepto de electrólito (1). –Comprender a reacción de neutralización (2). –Coñecer o concepto de oxidación–redución e algunhas aplicacións (1, 2).	–Ácidos e bases. Formulación de ácidos e bases. –Oxidación–redución. Aplicacións.			

CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA – 1º ESO

OBXECTIVOS		AV	CONTIDOS			
XERAIS	ESPECÍFICOS		CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS	TRANSV.
- Promove-lo sentimento de pertenza a unha comunidade nacional (Galicia) e a un Estado España). - Adquirir conceptos básicos relacionados coas variables físicas do espacio. - Traballar con técnicas propias das CC.SS: tratamento de fontes, procedementos de investigación, etc..	- Adquirir un vocabulario específico de xeografía. - Coñecer e comprender os factores e elementos que configuran os medios naturais. - Identificar os grandes medios naturais da terra.	1ª	- O sistema solar e o planeta Terra: os sistemas de coordenadas. - Os mapas e as escalas. - Os mares e as terras. As grandes unidades do relevo terrestre. - Os climas e as paisaxes naturais.	- Utilización de Atlas e localización de puntos xeográficos nos mapas. - Utilización e resolución de problemas de escalas. - Localización sobre mapas das principais unidades do relevo. - Elaboración e interpretación de climogramas. - Elaboración de mapas coas grandes zonas climáticas e paisaxísticas.	- Curiosidade por coñecer tanto o noso medio como outros diferentes. - Disposición para empregar unha linguaxe correcta e precisa. - Disposición para aceptar normas de convivencia e de respecto ás persoas.	- Educación para a paz e a convivencia. - Educación para o respecto ó medio ambiente. - Educación para a saúde. - Educación para a igualdade.
	- Coñecer e comprender a diversidade paisaxística e humana de Europa. - Entender o significado do proceso de Unión Europea e os problemas que plantexa.	2ª	- Europa un medio natural contrastado. - A diversidade humana e cultural de Europa. - O proceso de integración europea: cara a Unión Europea.	- Utilización e interpretación de mapas coas diferentes variables físicas do espacio europeo. - Elaboración e interpretación de gráficos demográficos e económicos. - Iniciación á análise e comentario de textos.	- Disponibilidade para o traballo tanto individual como en equipo.	

	- Comprender as peculiaridades das Comunidades do Estado. - Coñecer os elementos definitorios , físicos e humanos, de Galicia.	3ª	- España: as paisaxes naturais. -Espanña: a diversidade humana e cultural. -A organización territorial do Estado español. - Os medios naturais en Galicia. - O espacio humano e económico galego.	- Elaboración e interpretación de mapas sobre aspectos do medio físico de España e Galicia. - Interpretación e análise do mapa político do Estado. - Comentario e elaboración de gráficos sobre aspectos humanos e económicos . - Elaboración de resúmenes e esquemas.		
--	---	----	---	---	--	--

CIENCIAS SOCIAIS. 2º ESO

OBXECTIVOS		AVA		CONTIDOS		
XERAIS	ESPECÍFICOS		CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS	TRANSVER
- Analizar e comprender as características esenciais dos diferentes modelos de sociedades históricas, así como os mecanismos de cambio social. - Adquirir e desenvolver actitudes de tolerancia e valoración doutras culturas. - Entender e manexar criticamente a información proporcionada.	- Adquirir un vocabulario específico de termos históricos e artísticos. - Comprender as causas e consecuencias do proceso de neolitización. - Identificar os trazos esenciais das civilizacións do Crecente Fértil.	1ª	- O tempo en Historia. - As sociedades cazadoras do Paleolítico. - A Revolución Neolítica: agricultores e gandeiros. - As civilizacións do Próximo Oriente. - A Prehistoria en Galicia e na Península.	- Elaboración e interpretación de eixes cronolóxicos . - Realización de traballos de síntese a partir de fontes de información diversa.	- Interese por coñecer as formas do pasado máis remoto. - Valoración dos restos do pasado que existen no noso contorno.	- Educación para a paz e a convivencia. - Educación para a saúde. - Educación para a igualdade de oportunidades.
	- Coñecer as etapas históricas das civilizacións grega e romana. - Diferenciar a Democracia ateniense da actual. - Comprender as aportacións culturais greco-romanas	2ª	- A civilización dos gregos. - Roma e o proceso de romanización. - A Hispania e a Gallaecia romana. - A crise do mundo antigo.	- Elaboración e interpretación de mapas históricos. -Análise e iniciación ó comentario de textos históricos. -Análise e iniciación ó comentario de diapositivas de obras de arte .	- Disposición positiva para valorar as aportacións das culturas que son a base do mundo occidental. - Valoración das obras artísticas como manifestación da sensibilidade colectiva e individual.	- Educación para o exercicio da crítica.
	- Relacionar e entender os distintos elementos que xerarán a civilización europea. - Coñecer os trazos distintivos do Islam. - Comprender as relacións entre os grupos da sociedade feudal.	3ª	- A formación de Europa na Alta Idade Media. - O Islam e a súa impronta en España. - As sociedades feudais. - A crise baixomedieval.		- Dispoñibilidade para o traballo tanto en equipo como individual. - Actitude positiva e crítica para aceptar as normas de convivencia.	

CULTURA CLÁSICA

OBXECTIVOS XERAIS DO 2º CICLO

1. Coñecer as fontes grecolatinas da civilización occidental nos diferentes ámbitos da filosofía e das ciencias, da arte e da literatura, da mitoloxía e política e reflexionar sobre a necesidade e utilidade do seu coñecemento.
2. Recoñecer a orixe grecolatina da maioría das linguas de España e de gran parte de Europa valorando o estudo de linguas clásicas como medio idóneo para comprender a natureza da nosa lingua e facer acopio dun vocabulario rico e culto.

CULTURA CLÁSICA – 2º CICLO

CURSO	OBXECTIVOS XERAIS DE CURSO	AVAL.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CONTIDOS		
				Conceptuais	Actitudinais	Transversais
3º	– Acercamento ó mundo clásico a través de textos grecolatinos e de medios audiovisuais. – Comprensión da importancia das aportacións de gregos e romanos á cultura e linguas de España.	1ª	Curiosidade por coñecer o significado e etimoloxía das palabras.	As linguas clásicas. A orixe da linguas románicas	Interese por coñecer o contexto histórico e cultural no que se produciron determinadas formas de pensamento e manifestacións artísticas do mundo clásico vixentes actualmente.	Rechazo á discriminación das persoas por razóns de sexo, de raza ou de clase.
		2ª	Coñecemento da persistencia de elementos socioculturais clásicos no mundo actual.	Institucións políticas e sociedade		
		3ª	Aprecio do patrimonio artístico clásico de España e disposición favorable a asegurar a súa consecución.	Influencia de Grecia e Roma na Península Ibérica		
4º	– Valoración das aportacións lingüísticas e culturais do mundo grecolatino á cultura occidental. – Interese por coñecer as linguas clásicas en si mesmas e como axuda para aprender outras linguas e para profundizar no coñecemento da(s) propia(s).	1ª	Valoración da lingua como produto e proceso sociocultural.	Linguas clásicas. Elementos formais e funcións	Sensibilidade ante realizacións estéticas clásicas, valorando os seus elementos creativos e as súas aportacións a posteriores manifestacións artísticas.	Respecto á liberdade de pensamento e de creencias relixiosas.
		2ª	Interese pola lectura de obras clásicas.	Literatura e pensamento no mundo clásico		
		3ª	Concienciación da importancia do mundo clásico.	As pegadas do mundo clásico na cultura actual		

EDUCACIÓN FÍSICA – 1º CICLO ESO

AVAL.	CONTIDOS CONCEPTUAIS	CONTIDOS PROCEDEMENTAIS
1ª	– O corpo humano, a actividade física e a saúde – As habilidades motrices básicas – O quecemento – As cualidades físicas básicas	– Desenrolo das cualidades motrices básicas – Aprendizaxe do quecemento previo ó exercicio físico – Desenrolo das cualidades físicas básicas
2ª	– As cualidades psicomotrices – A expresión corporal – Os xogos populares – O atletismo – A ximnasia deportiva – A natación	– Desenrolo das cualidades psicomotrices – Desenrolo da expresión corporal – Práctica dos xogos populares – Iniciación ó atletismo – Iniciación á ximnasia deportiva
3ª	– O judo – O baloncesto – O balonmán – O voleibol – O fútbol – Actividades no medio natural	– Iniciación ó baloncesto – Iniciación ó balonmán – Iniciación ó voleibol – Iniciación ó fútbol

EDUCACIÓN FÍSICA – 2º CICLO ESO

AVAL.	CONTIDOS CONCEPTUAIS	CONTIDOS PROCEDEMENTAIS
1ª	– O corpo humano, a condición física e a saúde – As cualidades físicas básicas	– Desenrolo das cualidades físicas básicas
2ª	– O exercicio físico ó longo da historia – Os Xogos Olímpicos – A expresividade corporal – A danza e o mimo – Os primeiros auxilios – A prevención das lesións	– Desenrolo das actividades e destrezas básicas – A expresividade corporal – Danza e mimo
3ª	– O badminton – O baloncesto II – O balonmán II – O voleibol II – O fútbol sala – O rugby – As actividades físicas alternativas – As actividades no medio natural	– Práctica do baloncesto – Práctica do balonmán – Práctica do voleibol – Práctica do fútbol sala

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL – 1º ESO

OBXECTIVOS XERAIS	AVAL	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	TEMAS TRANSVERSAIS
– Recoñecer formas xeométricas básicas, os seus trazados. – Manexo da cor nas distintas técnicas gráficas. – Valorar positivamente a precisión e a limpeza. – Valora-la importancia do debuxo e da linguaxe plástica como medio de expresión. – Iniciarse nos distintos sistemas de representación. – Analiza-la obra pictórica e clasificala segundo criterios formais. – Observar e interpreta-las imaxes e as formas do entorno máis próximo.	1ª	– Linguaxes visuais: percepción, comunicación, características e finalidades. – Técnicas de cor: introducción, cores primarias e secundarias, escala cromática, ceras, témperas, rotuladores, collages. – Textura como linguaxe visual. Textura visual e táctil.	– Trazados básicos a partires de construcións gráficas, utilizando lápices. – Utilización de lápices de cores, témperas e ceras na realización de distintos traballos. – Realización de collage, aplicando a cor.	– Valora-la precisión, exactitude e limpeza. – Búsqueda de solucións orixinais nas representacións gráficas. – Experimentación con todo aquilo que teña ó seu alcance.	– Potencia-lo respecto ós demais compañeiros, especialmente cos que presenten algunha dificultade de aprendizaxe ou outro tipo. – Realización de tarefas comúns, fomentando a solidariedade.
	2ª	– Xeometría: útiles, construcións fundamentais, tanxencias, enlaces, curvas. – Proporción: proporción na natureza, aplicacións gráficas.	– Exercicios de aplicación de tanxencias, enlaces. – Iniciación ós distintos sistemas de representación.	– Potencia-la receptividade do alumno valorando as distintas indicacións dadas polo profesor, recollidas por este para desenvolver-loos distintos traballos. – Interese pola utilidade práctica dos traballos.	– Coñecemento da canle de participación no Centro. – Outros.
	3ª	– Organización do espazo visual: composición no plano, simetría, asimetría, ritmo, equilibrio, módulos bidimensionais. – O volume: representacións en tres dimensións, aproximación ó diédrico e ós sistemas de representación.	– Construción de formas xeométricas tridimensionais.		

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL – 3º ESO

OBXECTIVOS XERAIS	AVAL	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	TEMAS TRANSVERSAIS
– Recoñecer toda–las formas xeométricas, así coma os seus trazados. – Cores: tipos, utilización. – Domina–la proporcionalidade existente entre obxectos. Uso de escalas. – Sistemas de representación do espazo tridimensional. – Coñece–la finalidade da normalización e as principais normas aplicadas ó deseño. – Introducción á publicidade.	1ª	– Construcións gráficas fundamentais: polígonos, tanxencias, enlaces, curvas. – A cor: cores fundamentais, complementarios, cálidas, frías. – A proporción: directa, inversa, Thales, escalas, proporción aurea.	– Resolución de problemas de tanxencias e enlaces. – Observación e análise da cor. Composicións cromáticas. – Paso do volume ó plano.	As mesmas que as de 1º e outras coma: – Curiosidade por localizar imaxes onde se aprecien con claridade os distintos sistemas de representación cónica.	Os citados para 1º de ESO.
	2ª	– O volume: sistemas de representación. – Sistema diédrico: xeralidades, punto, recta, plano. Figuras planas sinxelas e corpos. – Perspectiva isométrica e cabaleira: representacións sinxelas.	– Representación bidimensional do volume mediante os sistemas de representación. – Utilización da perspectiva cónica central no deseño de interiores.	– Valoración do sistema diédrico como algo insustituible na creación de deseños. – Respecto e aceptación dos diversos estilos alonxados do gusto propio.	
	3ª	– Sistema cónico: perspectiva central e oblicua. – A publicidade: introducción, o cartel publicitario.	– Recopilación e análise de anuncios publicitarios. – Representación da planta, alzado e perfil no debuxo industrial.	– Actitude crítica ante aspectos positivos e negativos da publicidade.	

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL – 4º ESO

OBJECTIVOS XERAIS	AVAL	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	TEMAS TRANSVERSAIS
